

## VALORACIÓN DO INTERCAMBIO

Das actividades que fixemos durante a visita a Brighton, a que máis me gustou foi a do día que estivemos en Stanmer Park. Porque fixemos un picnic e probamos diferentes comidas típicas de Brighton por primeira vez. Tamén porque antes do picnic estivemos xogando a algúns xogos populares e despois de comer, tamén xogamos ao Béisbol cos estudantes ingleses. Gustoume especialmente polo picnic que fixemos, pola variedade de alimentos que había por escoller e porque gustoume toda a comida, que era nova para min.

A actividade que menos me gustou foi o día do críquet, porque este xogo non me convenceu de todo e pensaba que era diferente. E estivemos xogando demasiado tempo, gustaríame máis se houbésemos dedicado menos tempo ao xogo.

Esta é a miña valoración das actividades que fixemos durante todos os días desta visita puntuando do 1 ao 5:

-Cando vimos o espectáculo de Mrs. Hoovers Show, pónolle un 4 porque gustoume moito e pareceume moi interesante ver un espectáculo de outro lugar distinto.

-O día que estivemos en Falmer High School un 5, porque foi un dos días que máis me gustou aínda que prefiro o día de Stanmer Park. Ese día estivemos facendo algunhas clases e ao final fixemos unha clase extraescolar. Aínda que me gustou este día gustaríame se estivéramos nas clases de castelán. Tamén gustoume porque aprendimos a diferenza entre os institutos de Falmer e de Brión.

-O día da visita ao Royal Pavilion pareceume unha visita moi interesante, porque visitamos un edificio moi importante que destaca porque o seu exterior é indio e o seu interior é chino. A este día pónolle un 4.

-Cando estivemos xogando ao críquet pónolle un 2, porque foi a primeira vez que xoguei a este xogo e non me gustou moito.



Mrs. Hoovers



Royal Pavilion



Stanmer Park

Esta é a valoración doutras actividades que me gustarían ter feito cando estivemos en Brighton.

A principal é que me gustaría máis esta experiencia se os estudantes ingleses nos acompañasen en todas as actividades que fixemos, porque aínda que algúns tivesen exames estiveron moi poucos días con nós.

Tamén gustaríame se o día que estivemos en Falmer estivéramos nas clases de castelán que tiñan. Outra das cousas que me gustaría era se fosemos alomenos un día á casa das familias e non tivemos tempo ningún día para poder ir.

Esta é a miña valoración do que estivemos a facer cos ingleses cando estiveron aquí, tamén pónolle nota do 1 ao 5.

-O día que máis me gustou foi o día que estivemos en Lugo, a esta actividade pónolle un 5 porque parecéronme moi interesantes os museos que vimos e servíronme a min tamén para aprender.

-O día que estivemos nos tellados da Catedral, un 4 porque non era a primeira vez que estivera, pero aínda así ségueme gustando.

-O día que estivemos facendo unha ruta por Brión, un 3 xa que creo que había cousas máis importantes e interesantes que non vimos.

-O día que estivemos no castro de Baroña un 4,5 pareceume unha visita moi interesante xa que en Galiza destácanse moito os seus castros e creo que foi moi interesante tanto para os estudantes ingleses como para os galegos.

-O día que estiveron no noso instituto, un 4 porque creo que é unha boa experiencia ver a diferenza entre os dous institutos.

-Cando fixemos a presentación, un 4 porque facilitámoslles moita información sobre Galiza, aínda que creo que a traballamos moito non poño un 5 xa que non a traballaron todos os que participaron no intercambio.



Castro de Baroña



Muralla de Lugo

Experiencia de ter un inglés na casa.

Creo que a miña compañeira e máis eu tiñamos moitas cousas en común e levábame moi ben con ela, gustoume que me emparellaran con ela.

Pola miña parte aprendín novo vocabulario en inglés, e grazas a este intercambio teño máis soltura para falar o inglés e aprendín unha forma de vivir diferente á nosa.

#### **Autovaloración:**

Neste intercambio, como dixen antes, aprendín a ter máis soltura á hora de falar inglés, xa que para comunicarme coa miña compañeira tiña que falar en inglés. O comportamento que tiveron no intercambio creo que foi bastante positivo, aínda que ao mellor non me comportei algún día como é debido.

#### **Papel dos profesores:**

Creo que os profesores traballaron moito e que puxeron moito pola súa parte para que este intercambio fose unha boa experiencia para nós, aínda que alguén non o recoñeza. Grazas a eles este intercambio axudounos a mellorar o noso inglés e aumentar o noso aprendizaxe sobre outras costumes. Tamén tiveron moita paciencia connosco xa que algún día portámonos bastante mal, e aínda que algún día se enfasen con nós tiñan razón.

A valoración xeral foi moi positiva, xa que serviunos esta experiencia para aprender moitas cousas como xa dixen anteriormente. Tanto cando estiveron aquí como cando estivemos alí. Así que creo que foi unha moi boa experiencia en todos os sentidos.

